

Resolución pola que se aproba e fai pública a listaxe definitiva de persoas admitidas para o proceso selectivo convocado por resolución da Xerencia do 5 de xuño de 2024

Por resolución da Xerencia, con data 5 de xuño de 2024, convócase proceso selectivo para elaborar unha listaxe de espera para o nomeamento de persoal interino da escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade bibliotecas, subgrupo A2, da Universidade de Santiago de Compostela.

O día 26 de xuño publicouse no taboleiro electrónico da USC a resolución provisoria de persoas admitidas e abriuse un prazo de presentación de emendas.

Rematado dito prazo, o xerente resolve:

- 1.- Aprobar e publicar a **listaxe definitiva** de persoas admitidas e excluídas ao proceso de selección, que pode consultarse no **Anexo** desta resolución.
- 2.- Convocar as persoas aspirantes admitidas que non están exentas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición (probos de lingua galega), o día **25 de setembro de 2024, ás 09.30 horas, nas aulas 1 e 2 da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC** (Santiago de Compostela).

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo de un mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro do artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
O xerente
Antonio Javier Ferreira Fernández
(Sinatura dixital)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 05/09/2024 14:24:10.

CSV: 619B-CE8F-4EB4-9EB3